



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

FOLGA 8 DE XUÑO

Ante o anuncio feito polo presidente do goberno español, de rebaixar os salarios das empregadas/os públicos, na CIG confirmamos unha vez máis, que esta era unha das medidas que se ían aplicar no sector público para seguir coa campaña de precarización e desprestixio do servizos públicos, e a xustificación perfecta para tomar medidas cada día máis regresivas no eido laboral.

Ante a gravidade destes feitos, desde a CIG, unha vez que tivemos coñecemento disto, convocamos ás organización sindicais para que en pé de igualdade, e con unidade sindical, elaborásemos un calendario conxunto de mobilizacións co obxectivo de parar as medidas impulsadas polo goberno. O punto de partida noso e do resto das organizacións sindicais era, desde un principio, distinto: desde a CIG pedíamos a convocatoria inmediata dunha folga xeral (non só na Administración Pública). Tampouco queríamos limitar as mobilizacións a defender o Acordo Goberno-Sindicatos para a Función Pública 2010-2012 (asinado por CCOO, UGT e CSIF e que recollía a suba do 0,3% para este ano), mais que nada, porque non somos asinantes dese Acordo, así que, obviamente non podemos defender algo que non asinamos. Desde a CIG lembramos tamén que esas mesmas organizacións sindicais que defenden ese Acordo asinaron o Estatuto Básico do Empregado Público, que inclúe, no artigo 38 o seguinte:

“Artículo 38. Pactos y Acuerdos.

10. Se garantiza el cumplimiento de los Pactos y Acuerdos, salvo cuando excepcionalmente y por causa grave de interés público derivada de una alteración sustancial de las circunstancias económicas, los órganos de gobierno de las Administraciones Públicas suspendan o modifiquen el cumplimiento de Pactos y Acuerdos ya firmados, en la medida estrictamente necesaria para salvaguardar el interés público.”

Este artigo do EBEP foi utilizado polo Goberno para baixarnos a retribucións a todo o persoal da Admón Pública e deixar sen efecto o que estaba asinado; é dicir, cando se asinou o EBEP xa se lle estaba dando o salvoconduto aos nosos dirixentes para poder incumplir todos os pactos sobre retribucións na Función Pública, polo que non era moi lóxico enfocar as mobilizacións desa maneira. Con todo, e pese as diferencias puntuais que poida haber, a CIG apoia a todas as organizacións sindicais na folga xeral nas Administracións Públicas para o 8 de xuño.

**iiii EN DEFENSA DOS SALARIOS, DO EMPREGO, E DOS
SERVIZOS PÚBLICOS !!!!!**

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM